

O **editorial** deste número dedícase ao Programa de Actividades Preventivas e Promoción da Saúde, o coñecido PAPPS. Como ben sinala a autora, responsable do programa na AGAMFEC, o PAPPS foi unha iniciativa da semFYC que agora forma parte da actividade da atención primaria en toda España. Lémbranos o programa, a súa importancia, os novos obxectivos e a súa incorporación á historia clínica informatizada no IANUS.

A sección **Que hai de novo en Saúde Pública?** iníciase co recordatorio dos 25 anos de sida en Galicia. En pouco espazo faise unha descrición moi útil da evolución epidemiolóxica do sida, cos datos galegos e a caracterización dos novos casos, cunha actualización dos problemas clínicos emerxentes nesta infección e o papel estelar que ten a Atención Primaria na súa redución e control. Continúa a serie sobre a gripe cun traballo de moito interese para nós, despois de tantas informacións periódicas sobre a gripe aviar e os temores da transmisión a humanos. Informa sobre os mecanismos de produción dun novo virus capaz de producir outra pandemia, e como o seu coñecemento oríéntanos no modo de afrontar a infección. Finaliza a sección presentando as moitas novas da web (<http://dxsp.sergas.es>): resultados da enquisa alimentaria, o día europeo de concienciación sobre o uso de antibióticos, información sobre intoxicación por monóxido de carbono, sobre consumo de cogumelos, a guía sobre a enfermidade celíaca,..., EpiLinux...

Neste número publícanse tres **orixinais**: un que explora, con instrumentos validados, a calidade de vida en pacientes operados de cancro de recto, e nos ofrece resultados comparativos, útiles para a práctica clínica, dos que teñen estoma definitivo e os que están sen estoma. Outro describe a polimedicación dos pacientes crónicos e reforza a necesidade de que aumentemos a seguridade do paciente polimedicado. O terceiro é un novo traballo descritivo sobre citoloxías cervico-vaxinais e a súa utilidade en atención primaria.

Para saber de... presenta unha revisión exahustiva sobre xenéricos e prescrición por principio activo, as utilidades, a información técnica, será un documento de referencia cando se fale de xenéricos e para o que recomendamos unha ollada casi obrigatoria. Incluímos tamén nesta sección unha actualización normativa e das últimas sentenzas xudiciais sobre o consentimento informado na extracción de tapóns de cerume, unha técnica sinxela, para un problema leve pero non exenta de perigos. É unha nova chamada de atención sobre a utilización do consentimento informado no traballo clínico cotián.

En **Habilidades e Terapéutica** preséntase material informativo e docente pouco habitual na literatura médica de atención primaria: segue a serie de documentación sobre Ecografía, a segunda parte da revisión de fígado, un novo traballo sobre Comunicación 'verbal e

non verbal' e unha actualización do manexo das arritmias asociadas ao paro cardiorrespiratorio no neno.

Alerta Bibliográfica con Impacto Clínico revisa, con brevidade, un novo traballo que pensamos ten importancia para o traballo diario, ou sexa, que ten impacto clínico na práctica diaria.

Aumentamos o número de documentos na sección **Casos Clínicos** xa que é moi atractiva habitualmente para os lectores, cun importante componente formativo. Tamén se publican dous casos clínicos, unha infestación por larva migrans e unha intoxicación por litio, cun formato diferente, pero tamén interesantes, na sección de **Cartas ao Director**.

Pedimos unha **Colaboración** para acercarnos ao coñecemento do Comité de Ética da Investigación (CEI) galego, a evolución destes comités, as súas funcións, a súa composición e a importancia para o futuro da investigación biomédica galega. Pensamos que os autores preséntannos os CEI dun modo crítico, e conseguen amosar un CEI próximo, fuxindo da imaxe burocratizada e lonxana destas institucións. Un CEI galego, serio, profesional e ao noso alcance.

Continuamos tamén neste número coa sección de **Humanidades** na que o autor da a súa opinión e tamén informa sobre a utilización da música como instrumento terapéutico.

Ofrecemos dous documentos na sección **Espazo para o Debate**, un sobre Agresividade Escolar e outro sobre o Futuro da Atención Primaria, que esperamos estimulen o debate social e profesional sobre a atención primaria .

Iniciamos neste número unha nova sección de **NOTAS...** neste caso de enlaces de interese sobre investigación. Noutros números poden abarcar tamén información sobre documentación bibliográfica, docencia ou informatización,... Será un material sintético e esperamos que ao mesmo tempo sexa útil para o noso desenvolvemento profesional.

Queremos animar ao lector a enviar críticas sobre o material publicado en Cartas ao Director e agradecemos moito todas as suxestións que nos fagan sobre a edición da revista. AGAMFEC desexa ofrecer unha publicación da máxima calidade e utilidade para os profesionais da atención primaria galega e a opinión do lector é sempre a primeira referencia.

Queremos tamén aproveitar o número para presentarnos as XIV xornadas galegas de medicina familiar e comunitaria, a celebrar en Ourense o 15 e 16 de maio de 2009 e animaros a enriquecelo con comunicacións e a vosa presenza.

Editores